



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 30 DE ABRIL DE 2015

Ás 9.35 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico D. Xosé Luís Armesto Barbeito, de acordo coa orde do día que figura no **anexo I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **anexo II**. Escusan a súa ausencia D. Manuel Casteleiro Maldonado, Ignasi Colominas Ezponda, Sonia Souto Camba, María José Martínez López, Julio Abalde Alonso, Ana Iglesias Galdo, Daniel Pena Agras, Laura M. Castro Souto e Manuel-Reyes García Hurtado.

Tras a comprobación do quórum legal necesario para realizar a sesión, o reitor abre esta e dá paso ao primeiro punto da orde do día.

1. Informe do reitor

O **reitor** comeza o seu informe dando a benvida aos novos membros do Consello de Goberno, tanto os nomeados polo reitor como os/as elixidos/as polo Claustro na súa última sesión do 25 de marzo, que o secretario xeral enumera por sectores.

Continúa o reitor comentando a recente acreditación do INIBIC por parte do Instituto Carlos III de Saúde, acreditación que é un motivo de parabéns e satisfacción para todos, polo seu carácter estratéxico.

En relación tamén cos temas da investigación e docencia en ciencias da saúde, o reitor explica o contido do acordo entre as tres universidades e a Xunta de Galicia sobre docencia clínica de medicina, que foi asinado onte en Compostela.

Ontes inaugurouse a exposición 25 anos da Universidade da Coruña, na Fundación Barrié. En setembro a exposición trasladarase a Ferrol, onde se inaugurará na sede de Afundación. O reitor aproveita para convidar a todos os membros da comunidade universitaria a visitaren a exposición.

Infórmase da próxima reunión da CRUE que terá lugar o 6 de maio en Madrid.

No punto de nomeamentos e cesamentos, informa do cesamento do responsable de calidade do SAI por pedimento propio, Alberto Núñez



Cardezo, e o nomeamento do novo responsable, Jorge Otero Canabal. Por último, comenta que con data 20 de abril, presentou a súa dimisión o decano da Facultade de Humanidades e Documentación, o profesor Manuel Recuero, por motivos persoais. En consecuencia, o 22 de abril iniciouse o proceso electoral para elixir a persoa que deba ocupar o decanato deste centro.

A continuación, o reitor cédelle a palabra ao **vice-reitor de Investigación e Transferencia**, quen informa, en primeiro lugar, da resolución da convocatoria de axudas de apoio á etapa predoutoral da Xunta de Galicia, da publicación das propostas provisionais de resolución dos proxectos dos programas estatais de excelencia e retos do MINECO, así como da resolución das convocatorias con prazo concluído a finais de febreiro de axudas de investigación da UDC. Así mesmo, informa da resolución da convocatoria de ocupación de tres espazos no viveiro de empresas da UDC, da sinatura do convenio para a creación da Aula Compañía de Tranvías de A Coruña e da constitución do Comité Asesor Internacional da Escola Internacional de Doutoramento da UDC. Tamén dá conta da previsión de convenios que se van asinar coa Xunta de Galicia para financiar congresos de gran relevancia e para o programa Oportunus, así como da publicación da convocatoria 2015 do programa FEDER Innterconecta.

En ausencia do vice-reitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías, o **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente** informa de que, tras fixarse a oferta de prazas de novo ingreso para graos e mestrados no curso 2015-2016 por parte do Consello de Goberno do 23 de marzo, a Xunta propuxo unha serie de modificacións dalgunhas delas, apoiándose nas bases quinta, sexta e sétima da Resolución do 12 de febreiro de 2015.

- Modificacións do aprobado polo Consello de Goberno derivadas da non adaptación da oferta ao que reflicte a memoria do título (entre paréntese as prazas aprobadas no Consello de Goberno):
 - Mestrado Universitario en Discapacidade e Dependencia: 20 (30)
 - Mestrado Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións (interuniversitario): 10 (15)
 - Grao en Náutica e Transporte Marítimo: 50 (55)
 - Grao en Tecnoloxías Mariñas: 50 (55)

- Modificacións do aprobado polo Consello de Goberno derivadas da non xustificación da redución da oferta:
 - Mestrado Universitario en Enxeñaría Industrial: 40 (20)



- Mestrado Universitario en Psicoloxía Aplicada: 30 (25)
- Mestrado en Tecnoloxía da Edificación Sostible: 25 (20)
- Modificacións nos graos con programas de simultaneidade:
 - Grao en Dereito: 114 (120)

As posibles modificacións dos graos de Bioloxía e Química quedaron pendentes.

Nos asuntos do seu ramo, e de conformidade co acordo adoptado polo Consello de Goberno na súa sesión do 14 de decembro de 2006, informa da publicación da RPT de PDI, coa relación de profesores a 31 de decembro de 2014. Na súa elaboración contouse coa participación dos departamentos.

O vicerreitor lembra que, no anterior Consello de Goberno, se informou da necesidade de modificar a dedicación dun/dunha profesor/a contratado/a como interino/a de substitución por mor da imposibilidade de cubrir as necesidades docentes derivadas da baixa da profesora Carla Rey. O departamento de Economía Aplicada II acordou que cambie a dedicación a profesora Eva Lado González.

Desde a Secretaría Xeral de Universidades e a Dirección Xeral de Orzamentos fixéronnos chegar unha nova circular para cubrir necesidades urxentes e inaprazables. Nesta sinalase que as necesidades derivadas da planificación anual poderán cubrirse coas seguintes figuras LOU: axudante, axudante doutor, profesor asociado e profesor asociado de Ciencias da Saúde. A figura de contratado interino de substitución só poderá usarse nos supostos de ausencias que dean lugar a reserva de posto de traballo. Os supostos recollidos que posibilitan contratar profesorado interino de substitución para prover docencia por ausencias con dereito a reserva de posto son:

- Baixas, licenzas por enfermidade e permisos de maternidade e paternidade.
- Situación administrativas que dean dereito a reserva de posto.
- Funcións sindicais.
- Licenzas e permisos sen retribución.
- Designación para exercer cargos académicos que comporten a exoneración ou redución de obrigas docentes.



O vicerreitor transmite, no nome do equipo de goberno, o seu compromiso de estudar as fórmulas legais que permitan manter a vinculación dos axudantes doutores coa institución.

A **vice-reitora de Planificación Económica e Infraestruturas** informa, en primeiro lugar, de que desde o anterior Consello de Goberno informou a Comisión de Asuntos Económicos de imputacións autorizadas ao exercicio corrente por obrigas xeradas en exercicios anteriores correspondentes aos expedientes V-0008-15 a V-0011-15 por un importe total de **453 116,20 €**

Por outra banda, a Comisión de Asuntos Económicos do Consello de Goberno na súa sesión do 17 de abril validou expedientes de gasto e imputounos a créditos de 2015 por importe de **651 452,67€ €** correspondentes aos expedientes C-0006-15 e C-0007-15 do Servizo de Intervención.

Informa, ademais, de que continúa a tratar de se encamiñar o problema da minoración de ingresos asociada á interpretación da Secretaría Xeral de Universidades da repartición do fondo estrutural do Plan de financiamento do SUG. Este criterio, avalado de modo firme pola Comisión de Seguimento do Plan, supón una minoración dos ingresos previstos para a UDC en 2015 de arredor de 3,7 millóns de euros.

Ademais de presentar una demanda ante a xurisdición contencioso-administrativa por entender que se está a incumprir o plan asinado, a UDC está a colaborar coa Secretaría Xeral de Universidades e a Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos na busca de estratexias que nos permitan xestionar esta importante rebaixa nos ingresos e o aumento das tensións de tesourería que leva asociado. En calquera caso, a solución pasará inevitablemente por un axuste duro no orzamento de gastos, polo que se pide aos xestores de fondos propios que actúen con responsabilidade mentres se dá forma a estas decisións.

A **vice-reitora de Relacións Internacionais e Cooperación** informa de que a UDC celebra a vindeira semana (4-8 de maio) a 2.^a edición da *International Staff Week*.

O obxectivo desta semana internacional é o de intercambiar ideas e proxectos no ámbito da internacionalización dos servizos e da universidade en xeral con colegas do ámbito do persoal de administración de diferentes universidades europeas. Debaterase sobre as diversas medidas de internacionalización na UDC, dobres titulacións internacionais e mobilidade e empregabilidade internacional. Este ano vinte membros doutras tantas universidades visitan a



UDC, o que supón unha oportunidade única de dar a coñecer a nosa universidade aos nosos parceiros e a outras universidades europeas.

Xa están dispoñibles na web todos os cursos preseleccionados para esta edición da *International Summer School* que este ano, pola demanda xerada, terán dúas convocatorias (xullo e agosto 2015). Como o ano pasado, trátase dunha oferta plural en cursos de 6 créditos de todas as áreas, impartidos en inglés por profesores universitarios estranxeiros.

Polo que respecta a convocatorias, durante o mes de abril, resolvéronse as axudas STA e STT da segunda convocatoria para 2014/2015, para mobilidade internacional de persoal docente e de administración e servizos. Tamén se fixeron novas resolucións da convocatoria de Axudas á internacionalización 2014/2015. Dentro deste punto, onte publicouse a Orde do MECED para as axudas do programa Erasmus.es no curso 2015/2016, que concede directamente o Ministerio.

No eido da cooperación, publicáronse as resolucións definitivas das axudas da UDC para a comunidade universitaria para desenvolver programas de cooperación ao desenvolvemento no terreo (PCR e PCC). Seguen a desenvolverse, por outra banda, as actividades formativas e de difusión da Rede Galega Universitaria de Cooperación ao Desenvolvemento; agora visibles xa na súa web que foi presentada hai dúas semanas: <http://www.rgcud.gal/>, que conta cun catálogo amplísimo de todas as accións universitarias relacionadas coa cooperación ao desenvolvemento.

A vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social informa de que os días 21 e 22 de abril a Unidade de Atención a Diversidade en colaboración coa Oficina de Cooperación e Voluntariado organizou unhas Xornadas de Sensibilización sobre a Diversidade Funcional dirixidas á comunidade universitaria.

As xornadas resultaron especialmente interesantes porque, ademais de contar con expertos de organizacións que traballan en cuestións relacionadas coa diversidade, tamén participaron estudantes da UDC que presentan distintas discapacidades e que falan das súas experiencias no ámbito universitario.

O vindeiro 5 de xuño realizaranse as III Xornadas Universitarias Galegas en Xénero. Estas xornadas están organizadas de maneira conxunta polos servizos de igualdade das tres universidades de Galicia e este ano terán lugar na Universidade de Vigo no campus de Pontevedra baixo título de Trazos de Xénero no Século XXI. Está aberto o prazo para o envío de comunicacións



ata o 6 de maio. O prazo para matricularse na Xornada como asistente rematará o 1 de xuño.

O **secretario xeral** informa sobre a sentenza do Tribunal Supremo do 9 de marzo de 2015, mediante a cal se desestima o recurso de casación presentado contra a sentenza do 11 de decembro do 2013 da Sala do Contencioso-Administrativo do TSXG, pola que se anulaban dúas prazas de PDI funcionario correspondentes ao ano 2012. Informa tamén de que o 16 de abril se nos notificou a aceptación parcial por parte da Xunta do noso recurso de alzada contra a Resolución de febreiro deste ano sobre os mestrados internacionais.

Tamén informa de que, tal e como se adiantou onte mediante un correo, non se realizarán votacións no punto 11 da orde do día, por se presentar tantas candidaturas como postos para cubrir nas distintas comisións delegadas do Consello de Goberno.

O **xerente** informa de que o vindeiro mércores 6 de maio terán lugar as votacións do proceso de eleccións sindicais de PDI e de PAS da UDC, en horario das 11 ás 17 horas, conforme aos censos e candidaturas aprobados definitivamente e dispoñibles na web.

2. Aprobación, se proceder, do borrador da acta da sesión ordinaria do 23 de marzo do 2015

Sométese á aprobación do Consello o borrador da acta da sesión ordinaria do 23 de marzo.

Sen intervencións, a acta é aprobada por asentimento.

3. Contratos e convenios

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o secretario xeral dá conta dos convenios que figuran no **anexo III**, que se clasifican nesta ocasión en nove (9) convenios marco, dezaoto convenios específicos (18), e cincuenta e nove convenios para prácticas (59) e que cumpriron todos os trámites preceptivos previos que se requiren para a súa aprobación polo Consello de Goberno nesta sesión.

A listaxe apróbase por asentimento.



4. Calendarios académicos curso 2015-2016

O reitor cédelle a palabra ao vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente, que defende os calendarios académicos en ausencia do vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías.

Mantense a estrutura básica do calendario do ano pasado, coas adaptacións temporais necesarias. Como novidade, comenta un aumento do primeiro prazo de matrícula nos mestrados, para facilitar a matrícula dos estudantes de grao que rematen os seus estudos.

Un estudante pregunta se o calendario académico é obrigatorio para todos os centros. O reitor contesta que si.

Sen producirse máis intervencións, o punto apróbbase por asentimento e incorpórase como **anexo IV** á acta da sesión.

5. Autorización para o inicio dos trámites de liquidación da Sociedade Limitada (SL) xestora do CITIC e de constitución da Fundación CITIC

Toma a palabra o vicerreitor de Investigación e Transferencia, para explicar o contido e obxecto do expediente, integrado por unha proposta de acordo, unha memoria xustificativa da proposta e, finalmente, un borrador de estatutos da nova Fundación.

En síntese, coa transformación da SL en Fundación, trátase de mellorar a ferramenta institucional utilizada polo CITIC para captar e xestionar os recursos de Investigación e Transferencia do conxunto de grupos integrados no CITIC, grupos altamente competitivos. A fórmula da SL ten uns inconvenientes legais que impiden, por distintos motivos, a máxima eficiencia na captación de recursos. O vicerreitor considera que a proposta de transformación nunha Fundación eludiría eses obstáculos legais, facendo máis competitiva a oferta tecnolóxica do CITIC e dos seus grupos.

Na quenda de intervencións, o estudante Guillermo Lorenzo comenta que no padroado haberá un máximo de 21 membros, e só se reservan dúas prazas para os investigadores. Ao seu entender, debería haber máis prazas para os investigadores. A comisión permanente tamén debería ter un vogal do padroado con perfil investigador.



Luis Castedo pregunta sobre as consecuencias na xestión para os usuarios do CITIC. Vai ser máis doada a tramitación dos gastos pola Fundación?

Xosé Portela considera que con esta proposta se lles transfire a estas entidades a xestión do persoal. A constitución destas sociedades supón, ao seu entender, a proliferación de “chiringuitos” (sic) que externalizan funcións da Universidade, polo que anuncia o voto en contra.

O vicerreitor de Investigación e Transferencia replica que os estatutos presentados non son senón un borrador elaborado polo propio CITIC para iniciar os trámites. Este borrador aínda deberá ser sometido á aprobación do Consello Social e da Xunta de Galicia, polo que todas as suxestións que se poidan facer sobre o seu contido son benvidas, e serán valoradas oportunamente polo equipo que está a traballar o asunto.

Tras o anterior debate, manifestan o seu voto en contra os catro representantes do PAS e dous estudante, aprobándose o punto por asentimento dos restantes membros do Consello de Goberno. O expediente incorpórase como **anexo V** á acta da sesión.

6. Normas para a solicitude de proxectos e a utilización dos recursos liberados dispoñibles en convocatorias do programa Horizon 2020 da Unión Europea

Continúa co uso da palabra o o vicerreitor de Investigación e Transferencia, quen expón que o actual programa cadro de investigación da Unión Europea para o período 2014-2020 (Horizon 2020), supón unha importante oportunidade de financiamento da investigación para as universidades.

Horizonte 2020 integra, por primeira vez, todas as fases desde a xeración do coñecemento ata as actividades máis próximas ao mercado: investigación básica, desenvolvemento de tecnoloxías, proxectos de demostración, liñas piloto de fabricación, innovación social, transferencia de tecnoloxía, probas de concepto, normalización, apoio ás compras públicas pre-comerciais, capital de risco e sistema de garantías.

Para favorecer as tarefas de solicitude, execución e xustificación dos proxectos en H2020 e promover a participación dos investigadores da UDC neste programa de investigación, cómpre que a universidade se dote dunha breve normativa que permita ter un correcto fluxo de información en relación coas solicitudes e facer un uso axeitado dos chamados recursos liberados dispoñibles nos proxectos de Investigación e Transferencia no Horizon 2020



e, por extensión, noutras convocatorias internacionais de características semellantes. Para tal efecto, a Vicerreitoría de Investigación e Transferencia propón a aprobación da presente normativa.

Ábrese unha quenda de intervencións.

Fernanda Miguélez pregunta se é necesaria a autorización do vicerreitor. Non abundaría cun visto e praxe?

O profesor Luis Castedo pregunta, ao respecto do contido do artigo 4.1, se sería posible ampliálo a un termo anual, e non de seis meses.

O profesor Moisés Canle pregunta se o artigo 2.2 se refire a presentar solicitudes como coordinador ou como membro do proxecto. Súmase á proposta do profesor Castedo.

Replica as anteriores intervencións o vicerreitor de Investigación e Transferencia, explicando con máis detalle e defendendo as opcións da proposta.

Tras o anterior debate, apróbase a proposta por asentimento e incorpóranse como **Anexo VI**.

7. Normativa reguladora da docencia en inglés nas titulacións da Universidade da Coruña

A vicerreitora de Relacións Internacionais e Cooperación trae un documento básico para regular os requisitos de oferta de docencia en inglés nos distintos centros e titulacións.

Hai xa titulacións con programas plurilingües en varios centros. A experiencia destas titulacións permite xa avanzar uns criterios de implantación máis consolidados para garantir a calidade destes programas. A proposta foi elaborada en colaboración cos centros que na actualidade imparten titulacións a grupos en inglés.

O estudante Nicolás García suscita dúbidas sobre os requisitos para os estudantes nacionais cursaren materias en inglés (artigo 3.4).

O estudante Guillermo Lorenzo comenta os requisitos do profesorado para impartir docencia en inglés, en especial o art. 2.1.c). Considera que debería cuantificarse e cualificarse a docencia impartida en inglés noutros centros



estranxeiros. Tamén suxire que se lle poida certificar ao profesorado a impartición de docencia en inglés.

Moisés Canle suxire introducir unha alínea e) e o matiz e/ou no artigo 4.3.

Xosé Portela considera que debería haber un regulamento xeral de utilización das linguas na UDC. Non lle parece normal que se exima de horas o profesorado por dar clases en galego ou inglés. Considera que debería esixir un perfil lingüístico ao profesorado cando accede aos postos docentes.

A vicerreitora contesta as dúbidas suscitadas. Aclara que a proba de nivel seguirá sendo gratuíta. O secretario xeral apunta tamén que se está a elaborar no seo da Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística un documento conxunto sobre plurilingüismo na docencia do SUG, no que se avanza distintas propostas para articular de xeito sustentable unha oferta con perfil lingüístico en castelán, galego/portugués e inglés. En canto estea aprobado pola Comisión, traerase unha proposta de acordo ao Consello de Goberno.

Xosé Portela manifesta que o PAS se abstén neste punto.

Coa anterior abstención, apróbase a proposta por asentimento dos restantes membros do Consello de Goberno e incorpórase como **Anexo VII**.

8. Comisión de servizos para o curso académico 2015-2016

O reitor cédelle a palabra ao vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente, que expón a solicitude de comisión de servizos para a profesora María Luisa Rodicio García por parte da Universidade de Vigo. Xa hai informe favorable do Departamento, e solicítase informe favorable do Consello de Goberno.

O Consello de Goberno informa favorablemente por asentimento a comisión de servizos, que se incorpora como **Anexo VIII**.

9. Informe sobre o requirimento do Ministerio de Facenda do 1 de abril do 2015 e proposta de modificación da oferta de emprego público de PDI para 2015

Toma a palabra o vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente para explicar que o 1 de abril, ao día seguinte da publicación no DOG da oferta de emprego público de PDI aprobada por este Consello de Goberno, se recibiu un requirimento do Ministerio de Facenda, cuxo contido expón o vicerreitor.



En resposta a este requirimento, o vicerreitor propón a) manter o número de prazas ofertadas, por entender que a conta de baixas da UDC é a correcta; e b) reservar, a pesar das dúbidas serias de inconstitucionalidade existentes sobre a devandita reserva, unha das prazas ofertada, anteriormente prevista para provisión dunha cátedra, para prover unha praza para persoal que se tivese beneficiado do programa Ramón y Cajal e conte con acreditación I3, nos termos literalmente previstos pola Lei 36/2014, de orzamentos xerais do Estado para 2015.

O profesor Luis Castedo pregunta por que se elimina unha praza de catedrático de universidade en vez dalgunha das prazas de contratado doutor. O vicerreitor replica que, neste estado de cousas, o criterio do equipo de goberno é o de priorizar a estabilización do PDI antes que a promoción horizontal do persoal funcionario.

Nona Inés Vilariño anuncia a súa abstención, por considerar que a promoción é tamén moi necesaria para motivar o profesorado.

Apróbase por asentimento a modificación da OEP para 2015 nos termos expostos segundo a documentación do **anexo IX**.

10. Proposta de Regulamento de réxime interno do Departamento de Construcións Arquitectónicas

Toma a palabra o secretario xeral, para defender a proposta de Regulamento de réxime interno do Departamento de Construcións Arquitectónicas.

Trátase dun proxecto redactado por unha comisión interna do Departamento para substituír o que aínda está en vigor desde o 26 de xaneiro de 1996.

O primeiro borrador do novo regulamento foi formulado polo Departamento con data do 3 de xullo de 2014. Este proxecto foi informado pola Asesoría Xurídica da UDC con data 10 de novembro do 2014 e pola Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente con data 17 de novembro do 2014. Tras contrastar as solucións do proxecto coas determinacións introducidas polos anteriores informes, elaborouse unha proposta transaccional por parte da Secretaría Xeral, que foi aceptada por unanimidade pola Comisión Permanente do Departamento do 29 de abril de 2015.

Tras a anterior exposición, e sen se producir intervencións, o proxecto de Regulamento de réxime interno do Departamento de Construcións



Arquitectónicas é aprobado por asentimento do Consello de Goberno, e incorpórase como **Anexo X** á presente acta.

11. Eleccións para a cobertura de vacantes nas comisións delegadas do Consello de Goberno (informe, procedemento, calendario e formulario de presentación de candidaturas)

Presentadas en tempo e forma tantas candidaturas como postos para cubrir, non é preciso realizar as votacións, en aplicación do Regulamento electoral xeral, polo que quedan proclamadas persoas electas para as comisións delegadas do Consello de Goberno as que figuran no **Anexo XI**.

12 . Quenda aberta de intervencións

Na quenda aberta de intervencións, prodúcense as seguintes:

O profesor Sergio Santos intervén para lle dar os parabéns ao equipo reitoral e especialmente ao reitor polo acordo acadado respecto da docencia de medicina. Tamén lles dá os parabéns a todos os membros do INIBIC polo esforzo e o traballo desenvolvido durante anos, que se ve culminado na súa recente acreditación.

O estudante Jorge Dacosta sinala un problema coa normativa de matrícula e defensa dos TFM e TFG na ETS de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos. Considera que é preciso buscar unha solución para que os estudantes non se vexan prexudicados, tanto no ámbito académico como no ámbito económico, por mor dos prazos de matrícula. Este problema é especialmente importante no grao en Tecnoloxía da Enxeñaría Civil, por ser un grao “branco”. Comenta que se lle fixo unha proposta ao vicerreitor esta semana para que estes problemas se poidan resolver mediante unha ampliación de matrícula extraordinaria.

O reitor responde que a Normativa a que alude o estudante xa foi sometida a dúas ou tres revisións con cadansúas modificacións, pero que sempre que se constatan efectos negativos na súa aplicación se impulsa a modificación correspondente. Subliña que o importante, en primeiro lugar, é resolver o problema puntual que xurdiu na Escola de Camiños e que a vía para o facer é falar co vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías, co fin de chegar a un acordo provisional. Engade que, ao seu xuízo, previamente a revisar e modificar a Normativa que regula os TFG e TFM en toda a Universidade, cómpre analizar que sucede cos estudantes nunha situación semellante noutros centros da Universidade para, deseguido, propor medidas que



permitan resolver o problema que describiu o estudante de forma permanente e global en todas as titulacións.

Ana Barxa solicita do equipo de goberno que se volva estudar o pagamento da matrícula en prazos mensuais.

Xosé Portela critica o gasto de 3000 € nun retrato ao óleo do ex decano de Dereito, que considera un dispendio.

Tras as anteriores intervencións, o reitor remata a sesión ás 11:46 h, do que eu, como secretario, do fe, co visto e praxe do presidente.

Visto e praxe

O secretario xeral

O presidente

Carlos Amoedo Souto

Xosé Luís Armesto Barbeito